

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 28 de setembro de 2015 polo que se comunica a revisión e emenda de erros gráficos detectados na modificación do Plan sectorial da rede viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugardos e Cabanas, de clave AC/12/116.00, que só afectan o concello de Narón.

Antecedentes:

Con data do 21 de febreiro de 2014 publícase no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio polo que se somete a información pública, por un prazo de dous meses, a modificación do Plan sectorial.

O 16 de xuño de 2015 publícase no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio para publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de maio de 2015 que aproba o expediente de información pública e, definitivamente, a modificación do Plan sectorial.

O 18 de setembro de 2015 el Concello de Narón solicita a corrección dunha serie de erros gráficos detectados nalgúns planos do documento aprobado, en distintas actuacións que afectan unicamente o concello de Narón.

Por todo o exposto, efectuada a revisión e emenda dos erros gráficos atopados, procédese a realizar os seguintes cambios:

- Remodelación do enlace AG-64 coa AC-566.

O trazado detallado nos planos non se axusta na súa totalidade ao aprobado definitivamente por resolución da Dirección Xeral de Infraestruturas o 27 de xullo de 2011 do expediente de información pública do proxecto de trazado da obra de acondicionamento e mellora da estrada AC-566, treito Narón-Valdoviño, clave AC/08/131.01.

Actualízase o trazado en planta nos planos 6.4.7.1 e 7.7.

- Conexión AC-113 coa C-642 nas Lagoas-O Ponto.

Esta actuación xa se atopa executada parcialmente cun largo viario de 12,00 metros, e dispón de calzada e beirarrúas.



No documento aprobado definitivamente reflectiuse nos planos tal consideración, suprimindo a reserva viaria correspondente ao treito executado, pero detectouse unha incoherencia no documento, e incorpórase na súa totalidade nalgúns planos (6.1, 6.2 e 6.3) e só parcialmente noutros (6.4.4.1; 6.4.4.2; 7.4; 8.4). É por isto polo se que corríxe o gráfico e se unifica en todos os planos o treito realmente executado 6.4.4.1; 6.4.4.2; 7.4; 8.4).

– Conexión FE-13 - AC-566.

Esta actuación prevé a conexión da FE-13 coa AC-566 por medio dunha estrada convencional que conecta a vía xa executada mediante o desenvolvemento do plan parcial do Boial e o plan de sectorización do Vinculeiro no Concello de Ferrol, e prolongase a través da rúa Bimbieiro, no concello de Narón.

Nos planos do documento aprobado inclúese o treito que afecta unicamente o concello de Ferrol, e obviouse o treito que discorre polo concello de Narón, polo que se corríxe a información gráfica correspondente e complétase o itinerario ata a conexión coa estrada AC-566, obxecto da actuación (6.4.9; 7.9; 8.7).

Na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: (http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Infraestruturas_Estradas) atópanse á disposición dos interesados os planos coas correccións realizadas.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2015

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: i3vtoq90-x2z6-fsf2-e949-pyk2lowyjk12

